



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE DA CORUÑA


Salvador Allende, 13
15174 CULLEREDO (A Coruña)
TLF. 981 66 78 36 - FAX 981 66 46 42

PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN A SITUACIÓN COVID-19 DURANTE O CURSO 2020/21

NO CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE DA CORUÑA



**CENTRO
RESIDENCIAL
DOCENTE
DA CORUÑA**





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE DA CORUÑA

Salvador Allende, 13
15174 CULLEREDO (A Coruña)
TLF. 981 66 78 36 - FAX 981 66 46 42

Este plan foi elaborado seguindo a Guía de Adaptación das Instrucións da Consellería de Educación á Situación provocada pola COVID-19 aos Centros Residenciais Docentes para o curso 2020/21

Elaborado por: Equipo COVID

Coa Colaboración das Xefaturas de departamento

Aprobado polo Equipo Directivo:

Isabel Pastoriza Facal (Dirección)

Consuelo Pazos García (Xefatura)

Culleredo, 15 setembro 2020

Revisado 23 setembro 2020



Versión 23.09.2020

ÍNDICE

1.- REDACCIÓN E APROBACIÓN DO DOCUMENTO

2.- DATOS E INFORMACIÓN DO CENTRO

2.1. Datos do Centro

2.2. Organigrama do Centro

2.3. Alumnado residente e Colaboradores/as

3.- MEDIDAS DE PREVENCIÓN

3.1. Principios Sanitarios Básicos

3.1.1. Equipo Covid-19

3.1.2. Centro de Saúde de referencia

3.1.3. Zona de Illamento Covid

3.1.4. Canle de comunicación co alumnado residente

3.1.5. Canle de comunicación coas autoridade sanitarias e educativas

3.1.6. Canle de comunicación co persoal do Centro

3.1.7. Canle de comunicación coas familias e outras persoas alleas ao centro

3.1.8. Medidas específicas para persoal e xestión de vulnerabilidade

3.2. Aforos

3.3. Xestión de casos

3.3.1. Síntomatoloxía

3.3.2. Illamento

3.3.3. Desprazamento

3.3.4. Volta ó Centro

3.3.5. Xestión de gromos

4.- MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL



- 4.1. Distancia de seguridade interpersoal
- 4.2. Máscara
- 4.3. Faciana
- 4.4. Hixiene de mans
- 4.5. Material de hixiene e desinfección
- 4.6. Etiqueta respiratoria
- 4.7. Uso de equipos de traballo
- 4.8. Visitas ao CRD
- 4.9. Recepción de mercadorías
- 4.10. Habitacións compartidas e baños vinculados a estas

5.- MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN COLECTIVA

- 5.1. Medidas xerais na atención a persoas
- 5.2. Organización da circulación interior do centro, entradas e saídas
- 5.3. Aforo e medidas específicas en espazos comúns
 - 5.3.1. Espazos comúns en xeral
 - 5.3.2. Comedor
 - 5.3.3. Aseos de uso colectivo
 - 5.3.4. Salas de estudos
 - 5.3.5. Espazos de reunión para interacción social
 - 5.3.6. Instalacións deportivas
 - 5.3.7. Lavandería
- 5.4. Medidas de reunión co alumnado
- 5.5. Medidas de reunión/claustro do profesorado
- 5.6. Medidas para a realización doutras actividades

6.- MEDIDAS XERAIS DE LIMPEZA NO CENTRO

- 5.1.- Distribución e frecuencia da limpeza nas distintas dependencias
- 5.2.- Ventilación
- 5.3.- Material e proteccións
- 5.4.- Xestión de residuos

7.- MEDIDAS DE CARÁCTER INFORMATIVO E FORMATIVO

8.- OBRIGAS E RESPONSABILIDADE DAS PERSOAS RESIDENTES E COLABORADORAS BOLSEIRAS



1.- REDACCIÓN E APROBACIÓN DO DOCUMENTO

Este Plan pretende adaptar o uso dos Centros Residencias Docentes a situación provocada pola pandemia da COVID-19, asegurar o coñecemento e correcta utilización das medidas hixiénico sanitarias.

Na súa elaboración tívose en conta a lexislación vixente, as recomendacións da OMS, do Ministerio de Sanidade, da Consellería de Sanidade e o guía de adaptación ao contexto da COVID-19 para o inicio da actividade lectiva nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/21, tendo como **principal finalidade preservar a seguridade das persoas residentes, colaboradoras bolseiras e do persoal** profesional que traballa nos centros, contando coa imprescindible colaboración das familias e, moi especialmente, a responsabilidade individual das persoas residentes.

Estas medidas de prevención serán actualizadas ou modificadas, en función da evolución do risco sanitario e das decisións que adopten as autoridades sanitaria estatais e autonómicas; e o equipo COVID do respectivo centro residencial que asumirá a función de informar sobre as medidas propostas e velar polo seu cumprimento.

Así mesmo, sinalar que a Resolución conxunta das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e Sanidade, pola que se incorpora ao Protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID-19 dos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/21: a Declaración de Actuacións Coordinadas en Materia de Saúde Pública aprobada polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde Pública (DOG núm.174 bis, do 20 de agosto) e a Actualización das Recomendacións Sanitarias do Comité Clínico, aplicarase de forma supletoria no non previsto expresamente na presente guía.

Finalmente, a guía lembra as obrigas que establece da Orde do 29 de agosto de 2020, pola que se aproba o Protocolo de actuación da Consellería de Sanidade en materia de saúde pública, en relación con illamentos e corentenas para a prevención e o control da infección por COVID-19 (DOG núm. 175, do 29 de agosto).




2.- DATOS E INFORMACIÓN DO CENTRO

- 2.1. Datos do Centro

Código 15990080	Denominación Centro Residencial Docente	
Enderezo Salvador Allende, 13	Código Postal 15174	
Localidade Culleredo	Concello Culleredo	Provincia A Coruña
Teléfono 981 66 78 36	Correo electrónico Credo.coruna@edu.xunta.es Web do Centro http://centros.edu.xunta.es/credocoruna	

- 2.2. Organigrama do Centro





- 2.3. Alumnado residente e colaboradores/as

O alumnado do Centro está distribuído en 206 habitacións en 7 edificios:

En cuartos dobres compartidos os de 1º curso tanto de ciclos medios e superiores coma bacharelatos atendendo a criterios de idade e centro de estudos.

En cuartos individuais alumnado de 2º curso, de ciclos medios, superiores e bacharelatos, adultos maiores de 25 anos, colaboradores/as bolseiros e casos de necesidades especiais.

ALUMNADO	258	
	Homes 162	Mulleres 96
COLABORADORES/AS BOLSEIROS/AS	18	
	Homes 6	Mulleres 12

COLABORADORES/AS

	COLEXIO GRAN SOL P2/P6
	2114, 2214 – 6101, 6201, 6301
COLEXIO ATLÁNTICO P1/P5	
	1114, 1207, 1214 - 5101,5201
	COLEXIO MARE NOSTRUM P4
	4101, 4124, 4214
COLEXIO CANTÁBRICO P3/P7	
	3114, 3214 – 7101, 7201, 7301



ALUMNADO

COLEXIO GRAN SOL P2/P6	
P.2 1º ANDAR	18
P.2 2º ANDAR	18
P.6 1º ANDAR	8
P.6 2º ANDAR	9
P.6 3º ANDAR	9

COLEXIO ATLÁNTICO	
P1 1º ANDAR	18
P1 2º ANDAR	16
P.5 1º ANDAR	9
P.5 2º ANDAR	9
P.5 3º ANDAR	10

COLEXIO MARE NOSTRUM P4	
1º ANDAR	27
2º ANDAR	18

COLEXIO CANTÁBRICO P3/P7	
P.3 1º ANDAR	18
P.3 2º ANDAR	16
P.7 1º ANDAR	14
P.7 2º ANDAR	11
P.7 3º ANDAR	9

3. MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS

3.1. Principios sanitarios

De conformidade co establecido coas instrucións de carácter xeral ditadas pola Xunta de Galicia, en relación coa infección polo VIRUS SARS-COV 2, deberán terse en conta unha serie de medidas preventivas para evitar a aparición de novos gromos e deter unha posible transmisión comunitaria, a



través dunha vixilancia, detección e intervención por parte do Centro Residencial Docente.

3.1.1. Equipo COVID

O Centro Residencial Docente conta cun equipo COVID, no que cada unha das persoas integrantes asumirá a responsabilidade de intervención, segundo a quenda de presenza no centro , e será a encargada da coordinación e interlocución co Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia integrado por membros das Consellerías de Educación e de Sanidade, que actuará como elemento básico de coordinación e adopción de decisións.

EQUIPO COVID-19 DO CRD DA CORUÑA		
	Teléfono	Correo electrónico
Isabel Pastoriza Facal Directora	677422399	isabeloastoriza@edu.xunta.es
Chelo Pazos García Xefatura	626340202	dianamur@edu.xunta.es
Olga García González Auxiliar de Clínica	667745679	olguisgarcia@hotmail.com

3.1.2 Centro de saúde de referencia

O alumnado do Centro Residencial docente procede das distintas zonas da Comunidade Autónoma polo que teñen coma referencia o centro de saúde da súa localidade.

No caso de horario nocturno o centro de referencia é o PAC máis próximo.

En caso de sintomatoloxía grave chamarase ao 061

3.1.3. Zona illamento Covid

O centro residencial docente habilitou, durante este curso, con motivo de adaptación o protocolo covid, una zona de illamento situada no segundo e terceiro



andar de enfermaría que consta de 8 cuartos , 4 no segundo e 4 no terceiro cun cuarto de residuos (resto) intermedio en cada un deles.

Cada cuarto está provisto de material hixiénico e de desinfección :

- xel hidroalcolico
- panos desbotables
- papeleira de pedal
- máscaras cirúrxicas
- ventilación externa

3.1.4 Canle de comunicación co alumnado residente

Desde o equipo directivo do Centro utilízanse canles informáticas mediante correos electrónicos e whatshap cos distintos colectivos.

As comunicacións individuais urxentes realizaranse por vía telefónica a través dos números persoales e familiares facilitados ao Centro.

Evitarase en todo caso, o uso de papel na medida do posible, utilizando coma contacto os teléfonos e correos do equipo COVID habilitados.

3.1.5. Canle de comunicación coas autoridades sanitarias e educativas

O centro residencial utilizará a canle informática específica denominada **Edu-Covid** da Consellería de Educación para comunicar os datos básicos dos contactos estreitos dos casos confirmados. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria e utilizarase para que o Centro de Seguimento de Contactos alerte da existencia de casos positivos confirmados no centro residencial docente.

Para facilitar a información que se precisa nos casos confirmados o equipo COVID solicitará ao equipo educativo datos sobre contactos estreitos (no caso de habitación dobres), centro de estudos, persoas de contacto directo no centro, e outros contactos vinculados que achegue a persoa afectada.

Nas salas de uso común do centro existen rexistros para facilitar este tipo de información con determinación de aforos e fluxos de circulación delimitados.

Así mesmo, comunicará esta información ao Centro de seguimento de contactos, ao SERGAS ou Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade cando así o soliciten.



A información da aplicación EduCovid só é accesible para o equipo covid, quen ten a obriga de garantir a confidencialidade dos mesmos.

3.1.6. Canle de comunicación co persoal do Centro

O persoal traballador do centro deberá efectuar diariamente a enquisa de auto avaliación clínica do COVID-19 (anexo I) antes de incorporarse ao traballo.

Cando presenten polo menos un dos síntomas compatibles coa infección que aparecen na enquisa, deberán comunicarllo á persoa responsable do equipo COVID e **NON asistir ao centro residencial**. Os resultados non teñen que enviarse a este, pero si comunicar o motivo da ausencia.

Neste caso deberá poñerse en contacto co seu centro de saúde de referencia e seguir as indicacións da autoridade sanitaria pertinente.

O centro residencial recomenda a todo o persoal acudir ao servizo de enfermaría para a toma de temperatura 2 veces por semana. Esta información quedará rexistrada no servizo de atención médica.

Finalmente, lembrar que as persoas afectadas teñen o deber de dar toda a información pertinente que lles requira a autoridade sanitaria ou os seus axentes, e que a negativa a facilitar información ou prestar colaboración pode constituír infracción grave de acordo co artigo 42.d) da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde pública.

Así mesmo, o equipo COVID do centro ten a obriga de facilitar á autoridade sanitaria a información de que dispoña ou lle sexa facilitada relativa á identificación e datos de contacto das persoas potencialmente afectadas.

3.1.7. Canle de comunicación coas familias e outras persoas alleas ao Centro

As comunicación ordinarias coas familias ou responsables do alumnado realizaranse, preferentemente, como xa se viñan realizando por vía telemática, e/ou telefónica dada a distancia do lugar de residencia e a dificultade para comunicación directa ou presencial. As novas respecto do centro publicaranse na Web do Centro.



Previo o comezo de curso decidiuse enviar ás familias unha carta informativa cun resumo das medidas de actuación básicas, así coma o anexo II do Protocolo de 31 agosto 2020 para que todo o alumnado poidese incorporarse ao Centro co anexo cumprimentado, tendo en conta que as familias non terían acceso para asinar os documentos. (Anexo)

Non está permitido o acceso ó Centro a persoas que non sexan traballadores/as, alumnado residente e colaboradores bolseiros/as. Nos casos excepcionales que se precise dun espazo privado para intercambio de información sensible dispórase dunha sala habilitada na zona de enfermaría, denominada sala de mediación.

3.1.8. Medidas específicas para persoal e xestión de vulnerabilidade

De conformidade coas recomendacións sanitarias, os traballadores vulnerables para covid-19 realizarán o seu traballo, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, matendo as medidas de protección de forma rigurosa. Será o servizo sanitario o que deberá avaliar a existencia de traballadores especialmente sensibles á infección e emitir o informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección necesarias, seguindo o establecido no Procedemento de actuación.

Cando un /unha traballador/ra se atope dentro dun grupo de vulnerabilidade no que concorran as circunstancias indicadas nos anexos de valoración, deberá seguir as indicacións do punto 9 do protocolo no que se refire á Xestión de peticións nos supostos de vulnerabilidade, dirixindo a súa petición á Dirección do Centro Residencial Docente que tramitará a súa solicitude.

3.2. Aforos

Tódolos espazos do centro contan con sinalización visible de aforo e sentidos de fluxo de circulación, con frechas no chan e cartelería do sentido do marcha, dobre dirección, dirección única. Tamén se atopan sinalizados os postos de uso tanto nas salas comúns coma no comedor.

Conta con indicacións que marcan a conveniencia de evitar en todo momento aglomeracións de persoas tanto no interior coma no exterior, mantendo a distancia de seguridade, evitando contacto físico e con uso obrigado de máscara agás nas unidades de convivencia de cuartos dobres, cando só se atopen no cuarto as dúas persoas que conviven.



Existen dous puntos de máquinas expendedoras que se poden utilizar hixienizando mans antes e despois do seu uso nos dispensadores que se atopan a carón das mesmas. Tamén dispoñen de desinfectante e papel desbotable. (Ver anexo)

3.3. Xestión de casos

3.3.1 Síntomas

Tódalas persoas que conforman a comunidade educativa do Centro , tanto persoas residentes, colaboradoras bolseiras e traballadoras en xeral, deberán realizar cada día no seu domicilio ou no seu cuarto, segundo corresponda, a enquisa de autoavaliación de sintomatoloxía covid-19 (Anexo I)

Ante a aparición de síntomas compatibles coa infección COVID-19 (a lo menos un dos que aparece na enquisa de autoavaliación) a persoa residente deberá comunicalo á persoa do Equipo COVID que se atope no Centro nese momento (Servizo médico, Dirección ou Xefatura) nas quendas de mañá e tarde.

O alumno/a **NON** deberá **acudir ao Centro onde cursa estudos** mentres non se descarte a infección, e solicitará consulta telefónica no centro sanitario de referencia (o correspondente ao seu domicilio ou PAC)

Nas quendas de noite (garda nocturna) e incorporacións de domingo e festivas a persoa de garda acodirá ao cuarto do alumno/a coa protección necesaria (máscaras propia e cirúrxica para o alumnado, luvas, termómetro sin contacto e documentación para valoración) Utilizarase para a valoración de síntomas a enquisa de autoavaliación e toma de temperatura.

En todo caso, Informarase ás familias ou persoa de contacto da situación para que organicen o desprazamento do alumno/a, que non será en ningún caso en transporte público e efectuarase a maior brevidade posible.

En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultades respiratorias, a persoa responsable nese momento, segundo a quenda, chamará o 061

Todo o alumnado deberá comunicar ao Equipo COVID se deron positivo en COVID-19 ou estiveron en contacto estreito con alguén que presente síntomas. Esta comunicación teñen que facela, tanto se se atopan no centro como se se atopan no seu domicilio, sempre no mesmo día en que tiveron coñecemento desa circunstancia.



Seguirase no procedemento de actuación o algoritmo establecido:

- Caso sospeitoso
- Caso confirmado
- Contacto estreito de risco

· Contacto estreito con caso sospeitoso **Caso sospeitoso**

Tódalas persoas vinculadas ao Centro que presenten síntomas compatibles covid-19 deberán usar de forma inmediata máscara cirúrxica, extremar medidas de protección. **NON** acudir ao Centro Residencial nin ao Centro de estudos, Informar ao equipo covid do CRD. Porse en contacto co seu centro de saúde. Só poderán incorporarse ao Centro cando o certifiquen as autoridades sanitarias.

➤ **Caso confirmado**

Tódalas persoas vinculadas ao Centro deberán comunicar o resultado positivo de covid-19, presenten ou non síntomas e **NON** poderán incorporarse ó Centro ata que o certifiquen as autoridades sanitarias.

➤ **Contacto estreito**

Tódalas persoas vinculadas ao Centro deberán comunicar o Equipo COVID se mantuveron contacto estreito cunha persoa sospeitosa ou que resultase positiva en covid-19. Esta comunicación deberá realizarse o antes posible. Poderán incorporarse ao Centro cando o certifiquen as autoridades sanitarias.

3.3.2 Illamento:

Se o alumno/a está en habitación individual illarase na súa propia habitación en espera da posta en marcha de protocolo o antes posible. Informarase en todo caso as familias da situación na que se atopa.

Se o cuarto fora dobre procederase o illamento de forma individualizada na zona de enfermaría habilitada con tal fin e con supervisión de servizo médico.

Se a sintomatoloxía se produce en calquera espazo do centro ou ao acceder a él, procederase directamente o seu illamento na enfermaría e iniciárase o protocolo.



En todo momento a persoa illada manterase comunicada telefónicamente co persoal do centro.

O centro dispón de 8 cuartos de illamento equipados coas medidas sanitarias pertinentes e con baño completo. Así como tamén 2 cuartos para a xestión de residuos.

O alumnado residente e colaborador deberá permanecer na zona de illamento(tanto no seu cuarto propio coma zona illamento de enfermaría) o menor tempo posible ata o seu desprazamento.

No caso de menores de idade serán os pais ou titores legais os que se farán cargo da situación así coma do acompañamento e desprazamento coa maior brevidade posible.

Illamento domiciliario: punto I da Orde da Consellería de Sanidade do 29 de agosto de 2020 que aproba o Protocolo de actuación en materia de saúde pública en relación a illamentos e corentenas para a prevención e control de infección por COVID-19. Será a autoridade sanitaria a que efectuará o seguimento da persoa infectada en corentena e o cumprimento da mesma ante a posibilidade de incorrer en responsabilidade (infracción e sanción) de non cumprir as especificacións sanitarias de prevención da infección.

Corentena domiciliaria: punto III da Orde da Consellería de Sanidade do 29 de agosto de 2020, 10 días desde inicio de síntomas ou diagnóstico . Asimesmo para os contactos estreitos da persoa diagnosticada, segundo criterio epidemiolóxico, considerase contacto estreito compartir espazo con distancia inferior a 2m, durante máis de 15 minutos sen máscara.

3.3.3 Desprazamentos:

Se o alumno/a é maior de idade e se atopa en situación de conducir e dispón de vehículo propio poderá desprazarse ao seu domicilio despois de cumprimentar a enquisa de autoavaliación e asinar a declaración responsable para desprazamentos. (Anexo III)

3.3.4. Volta ó Centro

O alumnado poderá regresar ao centro residencial cando se descarte a existencia de infección por COVID-19, porque a proba resulte negativa ou porque a



persoa de contacto estreito teña resultado negativo. En todo caso seguirase o protocolo marcado pola autoridade sanitaria. Deberase acreditar debidamente no Centro Residencial antes de incorporarse.

Tódalas persoas afectadas teñen a obriga de dar toda a información pertinente que lles requira a autoridade sanitaria ou os seus axentes. A negativa a facilitar información ou prestar colaboración pode constituir infracción grave de acordo co artigo 42.d) da lei 8/2008, de 10 de xullo de saúde pública.

3.3.5. Xestión de gromos

Corresponde ás autoridades sanitarias e educativas, en función do número de casos e a súa vinculación, determinar as medidas de illamento das zonas e o peche parcial ou total do centro. Asimesmo tamén determinarán as condicións de reapertura e recuperación da actividade nas distintas zonas ou estancias do Centro.

4.- MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

As persoas residentes e, en xeral, todas as usuarias das instalacións dos centros residencias docentes, deberán respectar as seguintes medidas xerais de prevención:

4.1. Distancia de seguridade interpersoal.

Deberase de manter como mínimo unha distancia de 1,5 metros, ou na súa falta, medias alternativas de protección física, de hixiene adecuadas e etiqueta respiratoria.

4.2. Máscara.

É obrigatorio o uso de máscara para todo o alumnado e para todo o persoal do centro, en todos os espazos comúns, tanto pechados como ao aire libre, aínda que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.

- A máscara deberá cubrir dende parte do tabique nasal ata o queixo, este incluído. Así mesmo as persoas usuarias deberán poñela e sacala, gardala nos momentos da comida e sustituíla e lavalas de acordo cos criterios de correcto manexo.



- É obrigatorio levar unha segunda máscara de recambio e un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor. Para máis seguridade recoméndase ao persoal traballador o uso tamén de pantalla protectora.

- Excepcións á obriga de uso da máscara: as establecidas no punto 1.3.d) do Anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, modificado polo Acordo do 17 de xullo de 2020 e artigo 6.1 do Real decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño, entre estas: no comedor, momento de comer; nas habitacións, que só poderán utilizar as persoas que a compartan; práctica de deporte individual ao aire libre.

- Existe cartelería no centro específica para o uso da máscara.

4.3. Faciana.

Deberase evitar tocar os ollos, o nariz e a boca xa que as mans facilitan a transmisión do virus.

4.4. Hixiene de mans.

- Lavar as mans frecuentemente con auga e xabón durante polo menos durante 40 segundos ou, no seu defecto, con solucións hidroalcohólicas durante polo menos 20 segundo. O lavado realizarase particularmente á entrada e saída do centro, antes e despois de comer, antes e despois de tocar ou usar material compartido ou susceptible de ser compartido, despois de tocar obxectos con posibilidade de estar contaminados, e sempre despois de tocar secrecións respiratorias e de ir ao aseo.
- Considerase pouco recomendable o uso de luvas pola falsa seguridade que pode transmitir. O seu uso límitase ao persoal de limpeza no momento de utilizar sustancias abrasivas para a pel.

4.5. Material de hixiene e desinfección

- Colocáronse dispensadores de solución hidroalcohólica e portapanos a entrada de todos os **espazos comúns** (zonas wifi, salas de estudo, zona máquinas vending, aseos, zonas de conserxería, administración, enfermaría,



despacho de garda, acceso as entradas dos cuartos do alumnado, etc); Así como os despachos de cada un dos colexios, despacho de garda, despacho de Xefatura de Residencias e despacho de Dirección.

- Nos comedores existen dispensadores de solución hidroalcohólica a entrada, así como a saída dos mesmos.
- Tamén existen en cada unha das dependencias da residencia desinfectantes con actividade virucida para a limpeza das zonas de traballo utilizadas tanto polos residentes como polo persoal do centro.

4.6. Etiqueta respiratoria.

Ao tusir ou esberrar tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado e sempre alonxándose do resto das persoas.

4.7. Uso de equipos de traballo

- O material de varios usos (bolígrafos e material de escritorio) será de uso individual. Cada persoa contará con estoxo persoal para evitar compartilo.
- Os equipos de traballo compartidos coma ordenador, rato, teclado, silla, mesa, serán desinfectados despóis do se uso polo persoal educativo.
- A persoa que use equipos de traballo que estean a disposición dos residentes, en canto remate o seu uso deberán desinfectar adecuadamente, antes de que os poida utilizar outra persoa.

4.8. Visitas

- Non se permite o acceso ás instalacións dos centros residencias docentes a calquera persoa que non sexa persoal traballador e colaborador bolseiro, persoa residente e usuaria do servizo de comedor ou persoal das empresas de servizos.
- No caso de **visitas de provedores, comerciais ou persoal de empresas de servizo**, que acudan a Residencia adoptarán as seguintes medidas:



- Acudirán ao centro con cita previa, sempre que sexa posible
- Cubrirán unha ficha onde figurarán varios datos e demandas da persoa visitante (protocolos internos de limpeza e mantemento)
- Si a persoa, ou persoas que accedan ao CRD veñen para a execución de determinados traballos, cubrirán outro tipo de ficha específica para tal fin (protocolos internos de limpeza e mantemento)
- O acceso ao despacho de mantemento farase polo exterior do CRD (accederáse polo patio exterior 1)
- A recollida de materiais será pola porta exterior (traseira) do almacén de mantemento, agás a entrada de mercadoría do servizo de comedor que será pola porta habilitada para tal fin na zona de cociña.
- A firma de calquera documento (albarán, etc) farase co bolígrafo propio, nunca co bolígrafo do repartidor.

4.9. Recepción de mercadorías

- A recepción de paquetes, documentación, cartas, etc, farase no punto que existe na conserxería para tal fin. A persoa que recepcione e asine a documentación ten que facelo con luvas desbotables, logo indicará ó usuario externo que pode retirar o albarán sempre respectando a distancia de seguridade.
- O persoal do centro realizará a limpeza exterior do embalaxe con luvas solución hidroalcohólica/desinfectante e papel desbotable que se depositará nunha papeleira con bolsa (protocolos específicos de limpeza, mantemento e conserxería)

4.10. Habitacións compartidas e baños vinculados a estas: grupo de convivencia estable

- As persoas que compartan habitación e/ou baño conforman un grupo de convivencia estable que pode socializar sen ter que manter a distancia de interpersoal de forma estrita.
- Ao formar estes grupos estables de convivencia terase en conta a idade e o centro educativo no que estea matriculado o alumnado residente.
- No interior das habitacións e nos baños destas non será necesario o uso de máscara cando únicamente se atopen as persoas que se aloxen nos cuartos



en cuestión. Estas dependencias deberá estar recollidas para facilitar a súa limpeza.

- Non se permite que se xunten varias persoas nunha habitación, agás as que convivan nas habitacións compartidas.

5.- MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN COLECTIVA

Das diversas instalacións dos centros residenciais docentes que habitualmente estiveron destinadas ao uso das persoas residentes, durante o curso 2020/21 **só se utilizarán os espazos comúns imprescindibles** para prestar o servizo de manutención e os directamente complementarios do aloxamento: accesos, aseos de uso común, comedor, habitacións e aseos destas ou vinculados a éstas e os respectivos accesos; a biblioteca e/ou sala de estudos; os espazos destinados á administración. Das instalacións deportivas, só se poderán utilizar as que estean ao aire libre.

5.1. Medidas xerais na atención a persoas

- O uso da máscara por todo o alumnado, persoal do centro e outras persoas que accedan ao centro residencial é a medida básica de protección individual e colectiva.
- Están marcadas as zonas onde poden permanecer as persoas para facilitar o cumprimento do aforo e o mantemento da distancia de seguridade.
- As mesas e mostradores de atención ao público están sinalizadas adecuadamente coa distancia de seguridade de 1,5 metros entre as persoas usuarias. Algunhas dependencias do centro, como administración e conserxería, contan con mamparas divisorias para unha maior protección e seguridade para o persoas que traballa nestas zonas de cara ao público.
- Os trámites administrativos realizaranse, na medida do posible, con cita previa.

5.2. Organización da circulación interior do centro, entradas e saídas



- Están establecidas en todo o centro as medidas para dirixir a circulación, tanto no interior como no exterior. As medidas adoptadas son as seguintes:
 - Están sinalizadas para todo o alumnado, tanto a entrada ao centro como a saída. De tal xeito que se accede por un corredor e se sae por outro. Ámbolos dous están marcados no chán con frechas e cartelería indicadora de entrada e saída.
 - O persoal traballador do centro accede ao mesmo a través de dúas entradas independentes, que contan coa sinalización adecuada e con alfombras hixiénicas.
 - Os corredores do centro están todos sinalizados con frechas de circulación precisa para o acceso as distintas zonas da residencia. Algún dos corredores son de dobre circulación, estando debidamente sinalizados.
 - As escaleiras de acceso aos cuartos están marcadas con cinta amarela e con frechas que indican a subida e a baixada os andares.
 - Están sinalizadas con bandas indicadoras de respectar a distancia de seguridade os accesos as distintas dependencias do centro; despachos, salas de estudo, administración, Dirección, Xefatura, enfermaría.

5.3. Aforo e Medidas específicas en espazos comúns

5.3.1. Espazos comúns en xeral

Repartidos entre os distintos edificios que conforman o Centro, 8 en total, atópanse zonas acristaladas con asientos que constitúen espazos axeitados para a interacción social pola súa amplitude e fácil ventilación. En dúas destas zonas atópanse postos de Vending con xel hidroalcolico para mans e desinfectante con papel desbotable, así coma recolleita diferenciada de lixo con tapa.

Non se poderá superar o 75% da súa capacidade. En todo caso, teñen exposto ao público a capacidade máxima, que inclúe aos propios traballadores e asegura o mantemento da distancia de seguridade, que non poderá superarse en ningún momento. Os espazos están sinalizados para garantir o respecto da distancia de seguridade.

En cada unha das zonas comúns existe cartelería, marcando o aforo.



5.3.2. Medidas específicas para o comedor

- Durante o servizo de comida, nos puntos de recollida desta, manterase a orde e a distancia de seguridade marcada no chan; así mesmo, respectarase en todo momento o aforo e a sinalización de uso das mesas e das cadeiras.
- No acceso ao comedor existen varias bandas de sinalización, cunha distancia entre elas de 1,5 m., así como tamén está sinalizada a zona de recepción da comida, cumprindo coas distancias establecidas.
- O uso do comedor queda limitado á capacidade suficiente para ter ao alumando separado por 1,5 metros de distancia sentados en oblicuo sempre que non estea encarados.
- **O aforo que se establece nos dous comedores da residencia**, é de dous comensales por mesa para manter a distancia de seguridade
 - o **1º comedor**: 41 mesas o que fai un total de 82 comensales
 - o **2º comedor**: 30 mesas o que fai un total de 60 comensales
- En base a este aforo establécense quendas nas distintas comidas para atender aos usuarios do mesmo, éstas serían:
 - o **Almorzo**: de 07:00h a 08:30h.(1ª quenda) e de 10:00h a 10:15h. (2ª quenda)
 - o **Comida**: de 14:00h a 14:30h (os 2 comedores) , de 15:00 a 15:30h (comedor 1) e as 16:00h (casos xustificados). Posibilidade de **TAKE AWAY**. Entre quendas límpase e ventílese os comedores.
 - o **Cea**: de 20:45h a 21:15h (1ª quenda) e de 21:30h a 22:00 (2ª quenda). Posibilidade de TAKE AWAY para alumnos que chegan máis tarde.
 - o Non haberá autoservizo no lineal por parte do alumnado, simplemente deberá arrastrar a bandexa que será servida por o persoal de cociña.
 - o Para repetir estableceuse un punto sinalizado de espera, para non coincidir con ningún sentido da marcha. Así mesmo tamén conta con un punto de espera para dietas pautadas.
- Ao rematar unha quenda de comida, antes da seguinte, limpanse as superficies das mesas e as cadeiras que estiveran en contacto co comensal.



5.3.3. Aseos de uso colectivo

O aforo máximo dos aseos das zonas comúns, non vinculados aos dormitorios, está sinalizado segundo a superficie dos mesmos

- Ata 4m cuadrados: unha soa persoa
- Máis de 4 metros cuadrados: o 50% do número de cabinas e urinarios

Os residentes utilizan preferentemente os aseos dos seus cuartos.

O persoal do centro ten aseos de uso propio e de non acceso a outras persoas que non sexan do seu departamento. Todos os aseos están provistos do material hixiénico e de desinfección que se require.

5.3.4. Salas de estudos

Estes espazos poderán usarse ata o 50% do seu aforo. Excepcionalmente, o centro pode ampliar ou reducir este aforo, sempre que se cumpra a distancia de seguridade.

- Sinalizaranse os postos que non se poidan utilizar; e ao rematar, as persoas usuarias hixienizarán os postos que ocupasen e, de ser o caso, o medio tecnolóxico que utilizase.

- Realizarán as actividades ordinarias propias do servizo e as persoas usuarias poderán facer uso dos medios tecnolóxicos de que dispoñan; en caso de préstamo de libros ou doutro material, unha vez devolto deberá permanecer en caixas identificado e illado como mínimo 4 horas.

-O centro residencial docente conta con 3 salas de estudos e unha sala de usos múltiples, **o aforo** de cada unha delas ven determinado polo cumprimento da distancia de seguridade.

- As salas de estudos 2 e 3, teñen un aforo de 12 persoas, distribuídas en 6 mesas.
- A sala de estudos 1 ten un aforo de 17 persoas, distribuídas en 6 mesas de 2 persoas e unha mesa de 5 persoas.
- A sala de usos múltiples, pode dividirse en dúas salas independentes, con unha capacidade total de 45 persoas.



- En cada unha das salas do centro está sinalizado o aforo, as recomendacións básicas de uso de máscara, distancia, etc e controlado por persoal educativo para o seu cumprimento.
- Cada sala dispón dun rexistro con datos do alumnado que as utiliza, en orde a facilitar contactos.
- Os rexistros arquivanse na titoría de garda

- Evitase o uso de xogos de mesa e materiais semellantes cando impliquen uso compartido.
 - Antes de comezar cada servizo realizarase a desinfección xeral das superficies de traballo.

- Ao terminar a xornada desinfectaranse as ferramenta e as superficies cos produtos recomendados.

5.3.5. Espazos de reunión para interacción social

Algún dos espazos contemplados como salas de estudo contan coa versatilidade de uso de interacción social en momentos que non se precisen para actividade académica. Con aforo delimitado, son espazos suficientemente amplos para que se poidan reunir grupos de convivencia estable. Recomendase en todo momento que estes espazos se manteñan adecuadamente ventilados e sen aglomeracións que excedan o aforo sinalado.

En tódolos casos, nas reunión grupais respectarase a distancia de seguridade, así coma o uso da máscara e o resto das medidas recomendadas.

5.3.6. Instalacións deportivas.

O ximnasio do centro permanecerá pechado durante o primeiro trimestre do curso 2020/21 só se utilizarán as instalacións deportivas que estean ao aire libre e únicamente poderán usalas as persoas residentes. Non estarán dispoñibles as instalacións deportivas pechadas. Esta medida poderá ampliarse en función da evolución da pandemia.

A actividade física ou deportiva ao aire libre poderá realizarse de forma individual, sen contacto físico, e ata un máximo de 25 persoas simultaneamente;



en todo caso, deberá manterse a distancia de seguridade e o uso da máscara será obrigatoria nos termos do punto 1.3 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020, modificado polo Acordo do 17 de xullo de 2020.

A práctica de calquera outra actividade deportiva axustarase as normas específicas que a regulen.

5.3.7. Servizo de lavandería

O centro conta cun servizo de lavandería xeral e como todo o alumnado desprázase todos os fins de semana os seus respectivos domicilios, queda **pechado este servizo** puntualmente, a espera da evolución da pandemia, para garantir a seguridade dos usuarios e do persoal.

5.4. Medidas de reunións con alumnado

A atención educativa e pedagóxica ao alumnado é preferentemente individualizada e con cita previa segundo os horarios concertados entre ámbolos dúas partes. Existen espazos con medidas sanitarias de seguridade para a interacción de entrevistas individualizadas.

No caso de reunión de grupo, de andares, ou centro de estudos ou demais criterios que se establezan segundo as necesidades de intervención, con antelación determinarase o lugar, zona ou espazo de reunión, variando segundo o número de participantes ou os aforos disponibles.

5.5. Medidas de reunións co profesorado e claustros

Para a realización de reunións de máis de 6 persoas, notifícase con antelación a disponibilidad de espazo, garantizando as medidas previas de desinfección e limpeza.

Existe unha sala de reunións a tales efectos con espazo suficiente para todo o claustro de docentes e una sala de conferencias con aforo suficiente para todo o persoal do Centro se fora preciso.

Segundo as recomendacións establecidas polas autoridades sanitarias as quedas de persoal educativo estableceuse de forma que non coinciden no



mesmo posto máis de dúas persoas e a transmisión de información realizase fundamentalmente a través de correo-e, teléfono ou grupo de whatsapp.

5.6. Medidas para realización de outras actividades

No caso de eventos programados autorizados pola autoridade educativa competente (productoras para rodaxe e outros) contarase con tódalas medidas sanitarias básicas contempladas no protocolo (máscara, mans ,distancia) facilitarán á Dirección do Centro a programación detallada da actividade, encargaranse da sinalización de zonas acotadas para a realización da actividade, identificación de todo o persoal que acceda e demais medidas que garanticen a seguridade da mesma.

Habilitaranse zonas de baños comúns para uso exclusivo con garantía de desinfección.

Os aseos contarán neste caso con xabón, papel desbotable, solución hidroalcolica e papeleira con tapa e bolsa.

6.- MEDIDAS XERAIS DE LIMPEZA NO CRD

Buscarase a máxima efectividade das tarefas de limpeza para a proteccion fronte ao covid para iso teremos en conta os seguintes puntos:

- Nas zonas de uso compartido os usuarios deberán desinfectar o que utilicen (mesas, sillas, ordenadores, etc) para iso estas zonas están dotadas con desinfectantes e papel desbotable.
En ditas zonas prestarase atención a reposición do desinfectante
- Prestarase especial **ATENCIÓN** a limpeza de superficies de contacto frecuente como os pomos das portas, chaves da luz, pasamáns, etc (na medida do posible evitárase tocalos por parte de todos os usuarios do centro)
- Manteránse as fiestras abertas durante todo o tempo no que se efectúe a limpeza da dependencia
- Precisarase da colaboración dos usuarios para garantir a seguridade dos traballadores. Ditos usuarios deberán abrir a fiestra antes de saír do seu cuarto



para que cando a limpadora entre, o aire estea renovado. É necesario que a ventilación sexa como mínimo de 10 minutos. Se un usuario no tivera aberta a fiestra, a limpadora abríraa e sairá da habitación para a seguinte. Sempre se entrará a limpar nas habitacións previamente ventiladas.

- Os usuarios das habitacións deberán telas debidamente recollidas para así facilitar a hixienización e desinfección das mesmas.
- Non está permitido que permanezan varias persoas nunha mesma habitación, agás as persoas que conviven.
- No proceso de limpeza é obrigatorio o uso de luvas, que serán dun so uso. Cada vez que se quiten as luvas hai que proceder o lavado de mans de forma correcta.
- Utilizaranse desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade ou dilucións de lixivia preparada no momento de uso nunha proporción de (1:50).
- Evitar na medida do posible compartir equipos e material de limpeza. No caso de ter que compartir, unha vez rematada a tarefa, procederás a hixienización e desinfección do material empregado
- A roupa de traballo deberá lavarse no centro todos os días. Non se poderá saír con roupa de traballo fóra do centro.
- Dentro das zonas de risco, hai superficies as que se lle prestará especial atención.
- **EPIS**, antes de poñelos despois de quitalos, lavaranse as mans correctamente.

6.1- Distribución horaria e frecuencia na limpeza das distintas dependencias

- Zonas comúns

A primeira hora limpanse as **zonas comúns** do centro, tales como, corredores, halls de entrada, despachos, conserxería, así como as **salas de uso compartido** (salas wifi, salas de estudo), as **zonas privadas** (vestiarios dos traballadores e zonas de descanso). Esta limpeza será diaria.



A frecuencia de limpeza das salas de uso compartido será de dúas veces ao día, a primeira hora e a última hora. Usarase para este fin desinfectante con acción virucida. Ditas zonas estará provistas de desinfectante e papel desbotable para que os usuarios poidan desinfectar a súa zona de traballo antes de saír da estancia.

- **Cuartos do alumnado**

A limpeza dos cuartos do alumnado empezará a partir das 10:00h da mañán e efectuarase en quendas según os horarios dos alumnos/as.

Para proceder a limpeza da habitación, ésta debe de estar previamente ventilada e recollida.

A limpeza das habitacións compartidas será diaria e rigurosa, mentres que as habitacións individuais limpanse coa mesma frecuencia sempre e cando sexa posible.

- **Aseos**

Como norma xeral o alumnado usará preferentemente os baños dos seus cuartos para garantir a súa seguridade.

Os baños de uso compartido son exclusivamente para o persoal do centro, sendo así moito menor a afluencia ao mesmos, xa que a maior parte dos traballadores usan os seus vestiarios. Limpanse dúas veces ao día e cada usuario responsabilizarse de desinfectar cando faga uso do mesmo. Cada baño contará con desinfectante e papel desbotable.

- **Comedor**

O persoal que traballa nesta área utilizará o equipo de protección individual adecuado ao seu posto de traballo e respectará as demais medidas xerais de hixiene e prevención.

Antes de comezar cada servizo realizarase a desinfección xeral das superficies de traballo.

Ao rematar a xornada desinfectaranse as ferramenta e as superficies cos produtos recomendados.

A empresa do comedor achega a residencia os protocolos de actuación do propio servizo.



6.2.- Ventilación das dependencias do centro

A ventilación debe ser frecuente en todas as instalacións da residencia, prestando especial atención ás zonas compartidas e as habitacións dos usuarios. Como mínimo ventilarase durante 15 minutos.

Sempre que se poida e o tempo o permita, teranse abertas as xanelas dos distintos espazos e maior tempo posible.

Todos os traballadores/as do centro deixaran abertas as xanelas das súas dependencias unha vez que finalice o seu día de traballo. Será o persoal de conserxería o encargado de cerralas, despois dun tempo prudencial.

En todas as quendas o persoal educativo realizará un control de aforo nos espazos de uso común, así como a ventilación dos mesmos.

Na zona do comedor prestarase especial atención ao aforo e a ventilación do mesmo. Entre quendas ventilarase a zona e limparase.

Respecto a ventilación dos distintos espazos, contarase coa colaboración de todos os usuarios, tanto dos traballadores do centro como do alumnado.

O primeiro que fará o persoal de limpeza cando entre nun espazo, será ventilar (como mínimo 10 minutos) e manterá as ventás abertas durante a realización das tarefas.

O persoal de limpeza realizará as súas tarefas sempre en espazos previamente ventilados para garantir a súa seguridade.

Os cuartos de illamento ventilaranse 24 horas antes de proceder a súa limpeza.

6.3.- Material e proteccións

Proporcionaráselle a todo o persoal o material e os medios de protección necesarios para que poidan realizar as tarefas con efectividade e garantir a súa seguridade.

Cada persoa responsabilizarase de utilizar correctamente e se é o caso de desinfectar ou hixienizar o seu equipo de protección. O uso de luvas é obrigatorio.

A limpeza das habitacións de illamento farase cun equipo de protección composto de bata, gorro, dobre luvas e máscara FFP2.



6.4.- Xestión de Residuos

Recoméndase que os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da “etiqueta respiratoria” sexan refugados en papeleiras con bolsa ou contenedores protexidos con tapa e se é posible accionados con pedal

Débese vixiar que as papeleiras estén ben limas e con materiais recollidos para evitar calquer contacto accidental.

As habitacións de illamento están provistas de papeleiras con tapa e pedal. Neste caso cerrarase a bolsa que contén a papeleira e introducirase nunha segunda bolsa (verde) que se cerrará adecuadamente e depositarase no lixo clasificado como resto.

7.- MEDIDAS DE CARÁCTER INFORMATIVO E FORMATIVO

Este plan pretende poñer en coñecemento das persoas residentes e das súas familias, así como dos traballadores, a información e as pautas de actuación que se van seguir durante este período , coa finalidade de preservar a seguridade e a convivencia no centro.

Todo o persoal, alumnado e colaboradores traballarán para acadar este obxectivo, pero para isto é imprescindible a colaboración das familias e, moi especialmente, a responsabilidade individual das persoas.

A principio de curso levaranse a cabo **sesións informativas** dirixidas ás persoas residentes sobre prevención da infección por COVID-19, as vías de transmisión e as medidas implantadas no centro, para asegurar o respecto das medidas de prevención.

Mándouse unha **carta informativa as familias** sobre a guía de adaptación á situación provocada pola COVID-19 e as medidas específicas que adoptou o centro, as obrigas que ten que respectar o alumnado residente, apelando á súa colaboración e responsabilidade . Así como unha declaración responsable asinada polos pais.

Entregóuse a todo o persoal e alumnado residente a enquisa de **AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA COVID-19**. Ademais, a todos os residentes colgáronselle detrás da porta do seu cuarto esta enquisa para recordarlles o deber de observar si presentan algún tipo de sintomatoloxía.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE DA CORUÑA

Salvador Allende, 13
15174 CULLEREDO (A Coruña)
TLF. 981 66 78 36 - FAX 981 66 46 42

Nos cuartos dos residentes tamén se colgaron uns carteis de protocolos de cómo acudir ao servizo médico.

Colocáronse **carteis informativos coas medidas xerais de prevención**, indicacións de aforo limitado, de uso obrigatorio de máscara, sobre distancia de seguridade, así como recomendacións para unha correcta hixiene de mans, entre outras.

Está a disposición de todo o persoal e alumnado na **páxina web do centro** todos os documentos relativos á Covid: Plan Covid do centro, Plan de continxencia do centro, planos de aforos, Protocolos do Servizo de cociña, así como anexos.

Antes do comenzo do curso, organizouse no centro unha **sesión formativa, para todo o persoal sobre o Coronavirus**. Esta sesión estivo impartida por unha médica. Unha vez finalizada entregóuselle a todos os traballadores un manual de información.

Está previsto por parte do centro incidir nestas sesións formativas en función de como se desenvolva a propia pandemia ou da situación da vida no centro residencial.



OBRIGAS E RESPONSABILIDADE DAS PERSOAS RESIDENTES E COLABORADORAS BOLSEIRAS

1. No momento de incorporarse ao centro residencial deberán presentar cuberto e asinado o anexo II, concretamente:

a) Declaración responsable de non ter síntomas compatibles coa infección por COVID-19 nin de telos tido nos 14 días anteriores; e así mesmo, de non ter estado en contacto estreito (compartir espazo, cunha distancia inferior a 2 metros ao redor, cun caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar máscara) nos 14 días previos

b) Nome, apelidos, NIF, enderezo e teléfono do membro de contacto da súa unidade familiar.

c) Nome e teléfono do centro docente no que está matriculado.

2. As persoas residentes e as colaboradoras bolseiras deberán efectuar diariamente a enquisa de autoavaliación clínica do COVID-19 do anexo I desta guía.

Para facilitar a súa realización, deberán dispoñer do seu propio termómetro e o centro residencial docente facilitaralle a cada unha, cando se incorpore, un modelo anexo I para que efectúe diariamente a súa autoavaliación antes de saír do seu cuarto.

Cando presenten polo menos un dos síntomas compatibles coa infección que aparecen na enquisa, deberán actuar segundo o indicado no punto 1 desta guía.

3. Asistir a todas as sesións informativas sobre medidas de prevención e hixiene sobre a COVID-19 ás que sexan convocadas.

4. Manter todas as medidas de seguridade, aínda que adquirisen inmunidade fronte a COVID-19.

5. Non xuntarse nas habitacións, agás as persoas residentes que as compartan.

6. Deixar recollidas as habitacións e os baños destas para facilitar a súa limpeza.

7. Responsabilidade.

De acordo co artigo 42 letras a), b) e d) do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da



comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG nun. 17, do 27 de xaneiro), terán a consideración de condutas contrarias á convivencia:

- Non usar máscara nos espazos e circunstancias nos que sexa obrigatoria.
- Incumprir as demais obrigas desta guía ou do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/21, así como as medidas de aplicación que adopte o equipo COVID do centro.

Estas condutas poderán ser corrixidas na forma prevista no artigo 43 do dito decreto, na medida en que sexan aplicables no ámbito do centro residencial, e corresponderalle ao equipo COVID valorar a conduta e a medida correctora.

INDICE DE ANEXOS

ANEXO I: ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA COVID

ANEXO II: DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE SINTOMATOLOXÍA COVID-19

ANEXO III: DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA AS PERSOAS QUE SE DESPRAZAN PARA COMPLETAR A CORENTENA NOS SEUS LUGARES DE RESIDENCIA

ANEXO IV: DESPRAZAMENTO MENORES

ANEXO V: CARTA ÁS FAMILIAS

ANEXO VI: GUÍA COVID-19 PARA ALUMNADO

ANEXO VII: PLANOS DE AFOROS:

Comedor, Salas de estudo, Cuartos, Sala cnpferencias; entradas e saídas.

ANEXO VIII: CARTELERÍA



ANEXO I: ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

Presentou unhas últimas 2 semanas		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5° C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfato		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron

		SI	NON
Tivo contacto nas últimas 2 semanas	Cunha persoa COVID-19 + confirmada?		
	Cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
Conviviou nas últimas 2 semanas	Cunha persoa COVID-19 + confirmada?		
	Cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		



ANEXO III: DECLARACIÓN RESPONSABLE DESPRAZAMENTOS

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA AS PERSOAS QUE SE DESPRAZAN PARA COMPLETAR A CORANTENA NOS SEUS LUGARES DE RESIDENCIA HABITUAIS

Eu, _____, con DNI _____

Mail _____, Teléfono _____

MANIFESTO a miña decisión tomada libremente e baixo a miña responsabilidade de trasladarme á miña residencia habitual, co fin de cumprir a corentena prescrita por motivos de saúde pública.

DECLARO que dita residencia está situada en:

RUA _____ CONCELLO _____

C.P. _____ PROVINCIA _____ COMUNIDADE _____

ACORDO levar a cabo dita transferencia en transporte privado, tomando as medidas de precaución e distanciamento estipuladas, facendo a ruta máis curta posible e evitando calquera parada en ruta que non sexa estritamente necesaria.

O medio de transporte empregado será (especificar vehículo, matrícula e condutor):

COMPROMETOME a informar de calquera modificación, evento adverso ou incidente relevante que poida ocorrer durante a viaxe.

AUTORIZO o uso de datos persoais facilitados aos departamentos de saúde das comunidades autónomas implicadas, con fins estritamente clínicos e de saúde pública

En _____ a _____ de _____ do 2020.

ASDO.: _____



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE DA CORUÑA

Salvador Allende, 13
15174 CULLEREDO (A Coruña)
TLF. 981 66 78 36 - FAX 981 66 46 42

ANEXO IV: AUTORIZACIÓN E DESPRAZAMENTO MENORES

DESPRAZAMENTO MENORES COVID-19

D/Dña _____ on DNI _____

Pai/mái/ _____ do alumno/a _____

Que reside no Centro Residencial Docente da Coruña durante o curso 20__/__

Na habitación nº _____

AUTORIZA E ACOMPAÑA

o desprazamento do/da menor ao seu domicilio por indicación sanitaria,
asumindo a total responsabilidade do que poida acontecer no devandito
desprazamento.

COMPROMETENDOSE a informar de calquera modificación ou
acontecemento da viaxe.

Deberá aportar informe médico que xustifique libre de infección para
incorporarse ao Centro

Culleredo, a _____ de _____ de 20__

Asdo: (nome de quen asina e rúbrica)



ANEXO V : CARTA ÁS FAMILIAS

Estimadas familias:

Tal como establece o Protocolo de adaptación á situación Covid-19 nos Centros Residenciais Docentes e as medidas de actuación nos Centros escolares sostidos con fondos públicos da Comunidade, actualizadas a 31 de agosto, informamoslles das pautas de funcionamento previstas para este curso 2020/21 no Centro Residencial Docente da Coruña:

- **Uso obrigado de máscara en tódolos espazos do Centro pechados e o aire libre, agás os cuarto propio no que resida. Será obriga do alumnado levar os recambios necesarios para a súa estada no Centro, así coma o estoxo específico para gardala en caso necesario, por exemplo no comedor.**
- **Prohibido o acceso a calquera persoa allea que non resida no Centro (familiares, compañeiros/as)**
- **Con motivo da covid-19, como medida de prevención non se poderá acceder ao Centro despois das 24.00h.**
- **O centro conta coas medidas hixiénicas e de prevención contempladas no protocolo de adaptación para Centros Residenciais (desinfectantes, xeles hidroalcohólicos, sinalización de sentidos da marcha, restricción de aforo en espazos común, portapanos entre todas as que se especifican)**
- **O incumprimento das medidas sanitarias establecidas no protocolo covid-19 (non usar máscara, non respectar distancia de seguridade ou desatender calquera outra medida prevista) serán susceptibles de sanción considerándose condutas contrarias á convivencia tal como establece o artigo 43 do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro (DOG 17 do 27 de xaneiro)**
- **Toda a información e documentación figura na web do Centro.**

Lembramos a importancia de colaboración neste difícil momento que atravesamos, apelando á responsabilidade de tódalas familias de residentes informando de calquera sintomatoloxía compatible coa infección COVID-19 tanto dentro do núcleo de convivencia coma de contacto estreito con algén que a presentase.

Protexerse e protexer a outros é a única vía nestes momentos para frear o avance da covid-19 e permitir que o curso se poida desenvolver ata o final.

SINTOMATOLOXÍA:

Se durante o curso, presenta alguna sintomatoloxía compatible con covid-19 **NON PODERÁ INCORPORARSE** ao Centro e deberá comunicalo o antes posible.

Se durante o curso presenta sintomatoloxía compatible covid-19 cando está na residencia, procederase a activación de protocolo con ILLAMENTO, comunicando a situación á familia (ou persoa de contacto) para que se faga cargo do alumno/a residente.

Agradecemos a súa colaboración que de seguro nos ofrecerán.

Sendo responsables garantimos a saúde de tódalas persoas que nos rodean.

IMPORTANTE: Cada residente debe presentar asinada polo interesado/a e a persoa de contacto (os pais ou titores legais no caso de menores) a declaración responsable (Anexo II) que se achega con esta carta.

Un cordial saúdo

Equipo Docente CRD

Culleredo, setembro 2020



ANEXO VI: GUÍA COVID-19 PARA ALUMNADO

Esta guía rápida para alumnado ten coma finalidade servir de resumo rápido das medidas que se atopan desenvolvidas no Plan de Adaptación á situación COVID-19 neste curso 2020/21.

- O Centro conta cun Equipo Covid-19 que se encarga da coordinación e xestión de todas as incidencias relacionadas con esta situación. Este equipo está formado pola Dirección do Centro, Xefatura e Servizo de enfermaría.
- Ante calquera sintomatoloxía contemplada na enquisa de autoavaliación, entregada a cada alumno/a que se incorpora ao Centro e disponible como cartelería en cada cuarto, recoméndase NON SAIR do cuarto e contactar con persoal do Centro que activará o proceso de intervención coas accións que sexas necesarias. NON ACUDIR ao Centro de estudos.
- Cando se estime procedente o illamento do alumno/a, tanto no seu cuarto ou en enfermaría, permanecerá no Centro o menor tempo posible a espera de que os seus familiares se responsabilicen e realicen o traslado para a visita médica no seu centro de saúde de referencia.
- Comunicarase igualmente, o antes posible, calquera contacto estreito con alguna persoa convivinte ou non que presente sintomatoloxía compatible.
- Para incorporarse ao Centro despois dunha corentena ou illamento preventivo deberá presentar certificación do seu médico que acredite a situación favorable libre de infección e sen sintomatoloxía
- Respetar rigurosamente as indicacións sanitarias: Manter a habitación ventilada, e recollida, en orde para que se poda realizar unha limpeza axeitada.
- Prestar especial atención os sentidos de marcha sinalizados polos corredores e aos aforos marcados en cada una das salas de estudo, sen esquecer as medidas básicas de uso de máscara e distancia de seguridade, desinfección das zonas utilizadas e hixiene de mans. Por todo o Centro atopanse dispensadores de xel hidroalcohólico e papel desbotable.
- Evitarase na medida do posible grupos de máis de 4 persoas, sin aglomeracións, nin grandes grupos, con especial atención a distancia de seguridade e uso de máscara.
- As comunicacións realizaranse preferentemente por teléfono ou correo, evitando na medida do posible, o uso de papel. O mesmo tamén no caso de xestións administrativas.
- Recomendamos prestar atención a cartelería distribuída por todo o Centro que lembra os aspectos máis relevantes a ter en conta fronte a COVID-19.



- As comunicación colectivas realizaránse a través da páxina Web do Centro o por correo-e o alumnado.
- Recoméndase a tódalas persoas vinculadas ao Centro a instalación da aplicación móbil **RadarCovid** (oficial, gratuíta e segura)
- Non poderá acceder ao Centro ningunha persoa allea, nin familiares nin compañeiros, nin dentro do recinto e moito menos aos cuartos. O acceso ao centro é exclusivo de traballadores, alumnado e colaboradores bolseiros/as.
- O incumprimento da normativa sanitaria considerase conduta contraria á convivencia e polo tanto será sancionada con todo rigor segundo se establece na normativa do Centro ao amparo da lexislación vixente.

**CONFIAMOS NA COLABORACIÓN DE TODO O ALUMNADO E AS SÚAS FAMILIAS
PARA QUE OS OBXECTIVOS DO CURSO POIDAN ACADARSE**



ANEXO VII: AFOROS

AFORO DE COMEDORES

O Aforo de comedores no Centro Residencial Docente se calcula segundo o indicado nos planos 1 e 2 que se achegan:

- Plano 1: - comedor 1: 45 mesas para 90 persoas
- Comedor 2: 34 mesas para 68 persoas

- Plano 2: - comedor 1: 60 mesas para 90 persoas
- comedor 2: 47 mesas para 73 persoas




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE DA CORUÑA

Salvador Allende, 13
15174 CULLEREDO (A Coruña)
TLF. 981 66 78 36 - FAX 981 66 46 42

PLANO 1






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE DA CORUÑA

Salvador Allende, 13
15174 CULLEREDO (A Coruña)
TLF. 981 66 78 36 - FAX 981 66 46 42






AFORO SALA DE CONFERENCIAS


Na sala de conferencias do Crd calculase o aforo segundo os planos que se achegan:

- Plano 1: 32 persoas**
- Plano 2: 45 persoas**
- Plano 3: 60 perosas**



PLANO 2
SALON DE ACTOS (45 PERSONAS)








XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE DA CORUÑA

Salvador Allende, 13
15174 CULLEREDO (A Coruña)
TLF. 981 66 78 36 - FAX 981 66 46 42

SALA WIFI 1

AFORO: 17 PERSONAS






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE DA CORUÑA

Salvador Allende, 13
15174 CULLEREDO (A Coruña)
TLF. 981 66 78 36 - FAX 981 66 46 42

SALA WIFI 2

AFORO: 12 PERSONAS






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE DA CORUÑA

Salvador Allende, 13
15174 CULLEREDO (A Coruña)
TLF. 981 66 78 36 - FAX 981 66 46 42

SALA WIFI 3

AFORO: 12 PERSONAS






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE DA CORUÑA

Salvador Allende, 13
15174 CULLEREDO (A Coruña)
TLF. 981 66 78 36 - FAX 981 66 46 42






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE DA CORUÑA

Salvador Allende, 13
15174 CULLEREDO (A Coruña)
TLF. 981 66 78 36 - FAX 981 66 46 42

ANEXO VIII: CARTELERÍA



COVID- 19

Recuerda las **3 M** para protegerte a ti y a los demás



MANOS

Realiza un correcto **lavado de manos de manera frecuente** cuando sea posible o **usa gel hidroalcohólico**



METROS

Respetar la **distancia interpersonal** de seguridad de **dos metros**



MASCARILLA

Usa **mascarilla** en aquellas situaciones en las que se encuentre establecido su **uso obligatorio**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE DA CORUÑA

Salvador Allende, 13
15174 CULLEREDO (A Coruña)
TLF. 981 66 78 36 - FAX 981 66 46 42



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE DA CORUÑA


Salvador Allende, 13
15174 CULLEREDO (A Coruña)
TLF. 981 66 78 36 - FAX 981 66 46 42



**CENTRO
RESIDENCIAL
DOCENTE
DA CORUÑA**

	VENTILAR	Abre a fiestra para ventilar o cuarto
L	ENQUISA AUTOAVALIACIÓN	antes de saír do cuarto
E	AVISAR	Rápido ao persoal educativo se tes síntomas
M	ORDE	Deixa as túas pertenzas ordenadas
B	MÁSCARA	Non esquezas levar a máscara
R	DISTANCIA	de seguridade aínda que leves máscara
A	SENTIDO DA MARCHA	marcado no chan

POLA SAÚDE DE TODOS/AS SE RESPONSABLE



**Que a
covid-19
non gañe**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE DA CORUÑA

Salvador Allende, 13
15174 CULLEREDO (A Coruña)
TLF. 981 66 78 36 - FAX 981 66 46 42

LEMBRA LEVAR MÁSCARA

(non esquezas cambiala e gardala nun estoxo cando na utilices)



POLA TÚA SAÚDE E A DOS DEMAIS





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE DA CORUÑA

Salvador Allende, 13
15174 CULLEREDO (A Coruña)
TLF. 981 66 78 36 - FAX 981 66 46 42

Cando acabes de comer
inclina a silla sobre a mesa
para indicar que non está en
USO

Grazas pola túa colaboración





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE DA CORUÑA

Salvador Allende, 13
15174 CULLEREDO (A Coruña)
TLF. 981 66 78 36 - FAX 981 66 46 42



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE DA CORUÑA

Salvador Allende, 13
15174 CULLEREDO (A Coruña)
TLF. 981 66 78 36 - FAX 981 66 46 42

REXISTRATE
SEMPRE QUE USES A SALA

Desinfecta a túa zona antes de saír

Procura sentarte sempre no mesmo posto

COLABORA COAS MEDIDAS SANITARIAS DE PREVENCIÓN COVID-19
R E S P E C T A R DISTANCIA, USO MÁSCARA, DESINFECCIÓN MANS

cro CENTRO
RESIDENCIAL
DOCENTE
DA CORUÑA